

MARGA ROMERO

María del Carmen Rodríguez (Mugardos), Antonia Borja Borja (A Coruña), Erika (O Carballiño), Cándida Fervenza da Concepción (Moaña), Carmen Amado González (Ames), Luz María Castillo García (Lalín), D.J.V.C. (Fuengirola), Rocío Martín Céspedes (Barcelona), Olimpia San Anastasio (Segovia), Zoria B. A. (Tenerife), Maite L. (Terrasa), S.S.G. (l'Hospitalet de Llobregat), M.P.H. (Logroño), E.S.T. (Pinos Puente), María Angels Ribot (Badalona), Maite de Riego (Badalona), Gloria Sanz (Tarragona), Encarnación Santiago Malla (Granada), M.A.V.F. (Zamora), C.G.I. (Tudela), Elena Martelo (Linares), Matilde Callejota Maldonado (Almería), I.M.R.R. (Alxeciras), María Dolores R.O. (Madrid), Sílvia B. V. (Barcelona), Yai-za R. (Gran Canaria), Dolores A. (Reus), M.J.R.A. (Aldaia), Patricia Maurel Conte (Teruel), María Rosario Toro (Zaragoza), F.N.C. (Beniján), Ana Mª F.E. (Barcelona), Idrissi Zahara (Almería), Francisca Martín Malmierca (Guijuelo), Ana Mª C.A. (Toledo), Carmen M.G. (Palma); F.P.R. (Santander), Mª del Mar Miñana (Barcelona), Mª Teresa G. V. (Valladolid), Mª Asunción L.G. (Palma de Mallorca), Margarita V.B. (Colonia de San Jordi), Emilia del Carmen de Balas Albert (Madrid), Alexandra (Alzira), Gertrudis G.A.G. (Jaen), Francisca L.R. (Sevilla), Rocío Pereira Arrojo (Salas), Ana Vanessa Roque González (Arona), P.N.P. (Almería), M.G.P. (Alacante), M.C.M.R. (San Vicente de Alacántara), Ana Mª c.c. (Xixón), M.J.P.G. (Barbate), Dagmar S. (Lanzarote), M.J.R.G. (Alxeciras), Cecilia Guerrero Martínez (Mallorca), Mª Rafaela D.M. (Córdoba), Mª del Carmen M.C. (Dos Hermanas), R.S.J. (Salamanca), e moitas máis das Sen facilitar nome en: Palafrugell (Xirona), en Alcalá de Xivert, en Tenerife, en Guisona (Segarra), en Ciempozuelo (Madrid), en Sevilla, en Barcelona, en Lleida, en Barcelona, en Bodilla del Monte, en San Juan de La Rambla, en Valencia, en Torre Pacheco, en Canals por toda a xeografía e colonias, tamén en Ceuta... E MATÁRONAS ELES: padrastrós, maridos, ex-maridos, compañeiros sentimentais, ex-compañeiros, noivos, xefes. Tamén a Sonia Carabantes en Coin Málaga e non se sabe. Séguese a vella lei: malla nela, malla no seu. Esixamos responsabilidade e dimisións. ♦



Nenos na porta do convento de Polio. Francisco Zagala, ca. 1890



Home nunha fiestra. Eugenio Lanelongue, ca. 1870

DECIMONÓNICAS

CARME VIDAL

Centos de fotografías colgan en dous espazos nobres de Compostela. O Pazo de Fonseca e a Igrexa da Universidade prestan as súas históricas paredes para unha mostra tamén histórica. A que o Centro Galego de Artes da Imaxe en colaboración coa Universidade de Santiago tituló *Fotografía en Galicia no século XIX*.

Un mar de fotos para facer memoria e unha selección das imaxes máis sinaladas dos homes e mulleres que fixeron da fotografía oficio e arte. Dous espazos que serven para especializar facetas e son crónica diferenciada do que-facer fotográfico. Fonseca refíne baixo o epígrafe de "A luz universal" as imaxes necesarias para representar iconicamente o devalar dun século tan feito ás renovacións e os inventos como foi o XIX. Pola súa parte, a Igrexa da Universidade, e baixo o título de "Galería de Retratos" ofrece unha panoplia de retratados e retratadas desde o que impresionar un lenzo colectivo da sociedade galega daquel tempo. Desde imaxes dos precursores da nosa cultura como Murguía, Pondal ou Curros a autorretratos de fotógrafos como

Juan de Haz, Carlos García ou María Carderelly, pioneiros os tres, dos gabinetes fotográficos da década dos sesenta.

A mostra que, segundo o seu comisario X. Enrique Acuña, é "unha das grandes asignaturas pendentes do proceso de restauración histórica da nosa cultura", repara nas grandes figuras da fotografía como Zagala, Pedro Varela, Lanelongue, Sellier e Andrés Cisneros de quen se expón un álbum de vistas de Santiago realizado en 1858, que se consideraba perdido.

Acuña artellou unha selección desde a que se poden visualizar nidiamente os enormes cambios que se foron producindo no noso país entre 1843, data dos primeiros sinais fotográficos, e ano 1900. A chegada do ferroca-

rril, a guerra carlista, as obras públicas, o mundo dos pazos e a omnipresencia da igrexa e o cle-ro. Tamén o desenvolvemento urbano das principais cidades, o mundo da milicia e a universidade ou a relación da fotografía coa ciencia e a medicina.

A exposición veve acompañada dun repertorio de publicacións e libros que explican o esforzo dos fotógrafos en dignificar e divulgar a súa obra aproveitando o progreso dos procesos de fotograbado.

Masóns, evanxélicos, rexionalistas, zapateiros, músicos, mendigos, banqueiros e cardeais, protagonizan un discurso expositivo que comparten coa fotografía de mortos, das visitas reais, do excursionismo e o deporte ou a chegada dos feridos nas guerra coloniais.

Os fotógrafos afeccionados ocupan un espazo que queda ligado á aparición das primeiras revistas gráficas e os artistas foráneos que fotografaron Galiza destacan desde a obra dos franceses Laurent e David. Pola contra, do frade tudense Santos Salvado, amósase a súa experiencia de 1875 como fotógrafo entre os aborixes de Nova Nursia en Australia. Unha das sorpresas da exposición.

A mostra "Fotografía en Galicia no século XIX", que permanecerá aberta até mediados do vindeiro mes de xaneiro, reúne fondos dos principais museos, arquivos e bibliotecas galegas e conta así mesmo coa cesión de orixinais por parte de numerosas coleccións privadas que a converten no máis intenso esforzo por sistematizar a imaxe da Galiza decimonónica. ♦



O ciclista Cordero. Pedro Varela, ca. 1895



No balneario do Carballiño. José Pacheco, 1900



Emilia Pardo Bazán. E. Lanelongue, ca. 1870.